

# ACTA 2014-6

PLENO ORDINARIO  
27 de Novembro de 2014

Lugar  
SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO  
Hora de Inicio

Hora de Finalización

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: DOMINGO MARTÍNEZ LÓPEZ

**MEMBROS ASISTENTES**  
AMÉRICO SANTIAGO SILVA  
EMILIO JOSE COSTA GARCIA  
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ  
MANUEL PEREZ ARAUJO  
MARIA ANGELES BORJAS CID  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ  
RAMÓN CAÑIZO MONTERO

**MEMBROS AUSENTES**  
DANIEL DE DIOS MANSO

Pola presidencia declárase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma adóptanse os seguintes:

## ACORDOS:

LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DIAS 25/09 E 27/10.

Polo Sr. Presidente ábrese a sesión e polo Sr. Secretario dase lectura as actas das sesións celebradas o día 25/09 e 27/10 de 2014, que foron aprobadas.

APROBACIÓN DO ORZAMENTO EXERCICIO 2015.

Dada conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do Orzamento desta Entidade, formado para o exercicio de 2015, polo Sr. Alcalde presidente deste Concello. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166, 167 e concordantes do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, R.D. Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, e R.D. 500/90 do 20 de abril. Vistos o informe emitido pola Intervención e o dictame da Comisión competente, ambos en sentido favorable; entablado o correspondente debate e discutidos suficientemente os créditos de gastos e os recursos de ingresos.

O Portavoz do PP pregunta por qué hai dúas partidas adicadas a limpeza e dúas a enerxía eléctrica, contestando o SR. Alcalde que unha é para mantemento e gastos de material e a outra para o custo do servizo e do recibo do suministro de enerxía.

Posto a votación apróbase, por: 5 votos a favor do PSdeG-PSOE e 3 en contra do PP,

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio de 2014, cúa contía quedou fixada, en GASTOS en OITOCENTOS CATRO MIL TRESCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (804.336,93 €), e en INGRESOS, nun total de OITOCENTOS VINTECINCO MIL SETECENTOS OITENTA E OITO EUROS (825.788,00 €), asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

#### ESTADO DE GASTOS

Capítulos	DENOMINACIÓN	
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	189.797,93
2	Gastos en bens correntes e servizos	543.420,00
3	Gastos financeiros	6.000,00
4	Transferencias correntes	1.000,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Inversións reais	39.119,00
7	Transferencias de capital	
8	Activos financeiros	
9	Pasivos financeiros	25.000,00
	<b>TOTAL</b>	<b>804.336,93</b>

#### ESTADO DE INGRESOS

Capítulos	DENOMINACIÓN	
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	243.000,00
2	Impostos indirectos	5.000,00
3	Taxas e outros ingresos	67.080,00
4	Transferencias correntes	478.208,00
5	Ingresos patrimoniais	4.311,00

	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Enaxenación de inversións reais	
7	Transferencias de capital	28.189,00
8	Activos financeiros	
9	Pasivos financeiros	
	<b>TOTAL</b>	<b>825.788,00</b>

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución de dito Orzamento.

3º.- Aprobar a plantilla de persoal que se contempla no Orzamento, e que está formada por: Cadro de persoal:

Funcionarios:

Unha praza de Secretaría-Intervención, integrada no grupo A2, en propiedade.

Unha praza de Auxiliar Administrativa integrada no Grupo C2, en propiedade

Unha praza de Subalterno, en propiedade.

Persoal laboral:

1 praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. A Tempo completo.

1 Operario de servicios varios, a tempo completo.

4º.- Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, ós efectos de reclamacións, de conformidade co preceptuado no art. 169.1 do citado Real Decreto.

5º.- Que no suposto de non se presentar reclamacións en contra do mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa plantilla de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os arts. 127 do Real Decreto legislativo 781/1986 do 18 de abril e 169.3 do repetido Real Decreto; e noutro caso procederase de acordo co previsto no nº 1 deste último artigo.

6º.- Que de confirmidade co número 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

#### NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR

Dase conta do escrito presentado neste Concello polo Director do CEIP de Castrelo do Val, no que solicita o nomeamento dun representante no Consello Escolar, acórdase por 5 votos a favor o PSdeG, e 3 abstencións do PP, nomear Representante do Consello Escolar do CEIP de Castrelo do Val, a D. Xosé Lois Santiago Rodríguez.

#### DAR CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DESDE O 27/09

A continuación dase conta dos Decretos do Alcalde desde o 27/09/2014:

03/10 - Nomeamento de pedáneo de Vilar a Felisindo Castro Castro.

16/10 - Decreto de segregación de parcela a Emilio Manuel Rodriguez Sobrino.

27/10 - Decreto de substitución das vacacións do Secretario.

#### DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESDE O 27/09

De seguido dase conta das Resolucións da Xunta de Goberno Local desde o 27/09/2014 ata a data de hoxe.

#### ASUNTOS DE PRESIDENCIA

Polo Sr. Alcalde dase conta da Solicitud presentada con data 24/11/2014, polo Secretario- Interventor do Concello, D. Domingo Martínez López, na que manifesta que desexa continuar prestando servizos como Funcionario unha vez alcanzada a idade legalmente prevista para a xubilación ordinaria, que sería o día 5 de marzo de 2015, aprobándose por Unanimidade dos asistentes o solicitado, ó non haber ningunha intervención en contra.

#### ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde contesta á preguntas feitas no pleno ordinario anterior:

A 1.- Quero preguntar cal é a política que leva vostede a hora de ceder os locais públicos. Despois da súa resposta sobre o local cedida á Sociedade de cazadores (que en ningún momento estamos en contra), existe certa discrepancia nas súas respostas, xa que cando a Corporación municipal do PP solicitou un local, no que por Lei temos dereito, vostede dixo que non tiña ningún dispoñible. ¿ Por qué non podemos dispor nós dun local?.

Contesta o Sr. Alcalde:

Váiselle concedendo a todos os que o piden, sempre que haxa dispoñibilidade e ó seu Partido concedeuselle, sempre que o solicitou.

A 2.- Quero preguntar cal é a política que aplica vostede á hora de presentar notificacións ós veciños para que se limpen as fincas que se encontran dentro do casco urbano. No seu día solicitamos as demandas presentadas daqueles que non cumprían a normativa de limpeza e soamente se presentou un documento. Temos constancia que se lles presentou a varios veciños mais do Concello e non se nos entregou documentación.

Así mesmo existen outros veciños que tamén incumpren a normativa de limpeza das fincas e en cambio non se lles comunicou nada.

Contesta o Sr. Alcalde:

A afirmación que fai sobre a entrega de documentación é falsa, xa que se lle deu a que pediu, e as comunicacións fanse por notificacións escritas, orales ou de oficio.

O Portavoz do PP fai as seguintes preguntas:

1.- O 25 de maio de 2014 o Censo era de 993 habitantes. O Sr. Secretario está certificando a 24/11/2014, 1.105 habitantes de dereito.

Quero preguntar cal é o motivo deste incremento, xa que pola nosa información os habitantes foron disminuíndo, e non se aprecias novos residentes no noso Concello.

2.- Quero preguntarlle Sr. Alcalde ¿ Qué se está a facer co vehículo que está estacionado na vía pública diante do Museo dende hai varios meses?. xa que no seu día aprobamos unha Ordenanza municipal para poder intervir nestes casos.

3. Quero preguntar se van facer algo en referente á situación actual na que se encontra a Rúa do toural despois das melloras efectuadas por vostedes. Quero preguntar ¿ Como unha rúa de dobre sentido en ertas horas do día non permite mais que a circulación de un único vehículo en un único sentido?.

E ó non haber máis asuntos que tratar, na data e hora que constan ó principio, levántase a sesión da que se estende esta acta que recolle o que se tratou e acordou, e que, o/a presidente/a asina comigo, o/a secretario/a, que dou fe.

O presidente

O secretario